

A MULLER DA MONTAÑA

[Benedikt Erlingsson, 2018]

497

ESTREA EN NUMAX: 08.03.2019 | V.O.S.G. | +7

Kona fer í stríð (2018, 101')

Dirección: Benedikt Erlingsson

Guión: Ólafur Egilsson, Benedikt Erlingsson

Elenco: Halldóra Geirharðsdóttir, Jóhann Sigurðarson, Juan Camilo Roman Estrada, Jörundur Ragnarsson

Son: Raphael Sohler, François de Morant, Aymeric Devoldère

Montaxe: David Alexander Corno

Dirección de arte: Snorri Freyr Hilmarsson, Lucia Malyshko, Anna Maria Tomasdóttir

Vestiario: Harpa Finnsdóttir, Rannveig Gísladóttir, Rebekka Jónsson

Música: David Thor Jonsson

Fotografía: Bergsteinn Björgúlfsson

Produtoras: Slot Machine, Gulldregurinn, Vintage Pictures, Nordisk Film (Islandia, Ucraína, Francia)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Islandés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Semana da Crítica), Haifa 2018 (Premio Carmel), Hamburgo 2018 (Premio Art Cinema), Valladolid 2018 (Sección oficial)

FILMOGRAFÍA

The Show of Shows: 100 Years of Vaudeville, Circuses and Carnivals, 2015
De caballos y hombres, 2013

SINOPSE

Halla declara a guerra a unha industria local de aluminio. Está preparada para arriscalo todo con tal de protexer as impolutas Terras Altas islandesas, até que unha inesperada orfa entra na súa vida.

«Pouco convencional, conmovedora e visualmente exquisita. Elaborada con mestría»

Jordan Mitzer,

THE HOLLYWOOD REPORTER



Subtítulos traducidos ao galego por NUMAX
coa colaboración da Secretaría Xeral
de Política Lingüística da Xunta de Galicia



Nota do director

O noso filme é un conto de heroes.

O noso heroe é un músico.

O heroe está a salvar o mundo.

O filme ten música.

Os músicos que tocan son visíbeis.

Eles son a forza interior que loita dentro da alma do heroe.

Por que? Os antigos gregos crían que os individuos creativos estaban posuídos por un demo, ou máis ben que eran perseguidos por un demo que os inspiraba con boas ideas. É por iso que, de acordo con Platón, a xenialidade de Sócrates debíase a un bo demo. Polo tanto, un demo podía ser unha especie de musa, murmurando bos consellos ao ouvido do heroe.

En Roma esta idea referíase á xenialidade, unha especie de anxo da garda, seguindo os individuos desde o berce á tumba. Algúns romanos eran menos afortunados que outros cando se trataba de xenialidade e maldicían os seus contratemplos e amargos destinos. Os músicos e o coro ucraíno son, en certa maneira, demos que tentan impregnar a nosa heroína de coraxe, poder e boas ideas. Ao igual ca un coro grego, poden dirixirse ao heroe e ao público, e enfatizar decisións importantes cun poderoso baile.

Pero hai outra razón pola que quixen facer visíbel a interpretación da música, e iso ten a ver coa idea de *Verfremdung*. Esta idea foi dedicada a Bertolt Brecht pero remóntase á historia do teatro e do

espectáculo. Poderíase dicir que cada vez que un músico está fronte a cámara a tocar, o cineasta pon aspas arredor da escena, lembrándonos que estamos en medio dunha ficción e que detrás de toda esta pretensión hai unha mensaxe ou unha conclusión á que o público debe chegar.

Poderíase dicir que a través deste mecanismo quixen chegar a un acordo co público sobre o tipo de filme que é e as leis que cumpre. Este é o conto dun heroe nun mundo saturado de contos de heroes sobre heroes a salvar o mundo. Pertenzo a esa parte do público que quizais precisa que lle boten unha man en canto a creatividade para se someter a dito conto.

Publicado en avalon.me

* * *

Frechazo inmediato cinéfilo

Carlos Loureda

Imposíbel esquecer o momento do descubrimento dun verdadeiro cineasta. Finais de setembro de 2013: un descoñecido, Benedikt Erlingsson, presenta na sección de Nuev@s Director@s do Festival de San Sebastián *De caballos y hombres*. Como se dunha triloxía da vida actualizada de Pasolini

se tratase, reunía varias situacións entre o animal máis interactivo co home, o cabalo, e os personaxes dunha aldea nun catálogo de vicios e poucas virtudes, confirman a animalidade do ser humano e a humanidade dos animais.

O retorno do director en 2018 é irresistíbel. Para gozar totalmente o filme cómpre lembrar que o nome da protagonista, Halla, provén da historia do país. Halla e Eyvindur foron unha parella de bandoleiros do século XVII que sobreviviron máis de 20 anos en plena tundra islandesa. Un nome que resoa ao unísono da historia. Halla sería unha Robin Hood actual que loita contra os poderosos para conservar os recursos naturais do país.

E, coma sempre, outra xenialidade máis de Benedikt Erlingsson, ao engadir intres musicais do grupo que se encargou da magnífica banda sonora do filme, ao máis puro xeito brechtiano, para sacar o espectador do ensoñamento da ficción e lembrarlle que o que está a ver é a máis crúa realidade. Un coro grego perfecto que acompaña esta Artesmisa moderna. Frechazo inmediato cinéfilo co final máis intelixente que se teña filmado desde hai moito sobre este tema. Nada de discursos repetitivos, pura imaxe dunha triste realidade.

Publicado en fotogramas.es
Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

